



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI UXÍO NOVONEIRA

VIOLENCIA DE XÉNERO






¿Qué entiendes por violencia?

Real Academia da Lingua española.

Coacción física ou psíquica exercida para conseguir un fin, especialmente para dominar a alguén ou impoñer algo.



¿Sabías que?

Datos Amnistía internacional

Unha de cada tres mulleres no planeta sufriu abusos nalgún momento da súa vida a mans de axentes do Estado, membros da súa familia ou coñecidos.

A violencia na familia é a primeira causa de morte e de minusvalía para moitas mulleres, por riba do cancro e dos accidentes de tráfico.

Calcúlase que hai 60 millóns de nenas menos no mundo a causa dos abortos selectivos e os infanticidios.

O 70% das mulleres asasinadas no mundo o son a mans das súas parellas ou exparellas.



¿Qué é a violencia de xénero?

Nacións unidas

Todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade , tanto se se producen na vida pública como na vida cotiá.

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou persoal.



¿Por qué a chamamos violencia de xénero?

Preferimos falar de violencia de xénero, violencia machista ou violencia á muller porque son os conceptos que mellor se adaptan á realidade, xa que explican que a violencia contra as mulleres é a consecuencia da discriminación e o desequilibrio de poder entre mulleres e homes na sociedade.

Hai outros termos moi utilizados como violencia doméstica ou violencia intrafamiliar, pero estas expresións son menos adecuadas porque limítanse a informar sobre o lugar no que se produce



¿Qué tipos de violencia de género hai?

TIPOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

FÍSICA



PSICOLÓGICA



ECONÓMICA



SEXUAL



VIOLENCIA FÍSICA


Conductas	Objetivos	Consecuencias
Empurrar, zarandear, perseguir. Golpear, abofetear, dar patadas. Intentos de estrangulamiento. Queimaduras. Agresión con coitelos, navallas... Azotar con cinturón. Homicidio	Dominar, doblegar e controlar á muller.	Medo, pánico, terror. Ansiedade Humillación Vergoña Indefensión, desesperanza, apatía.

VIOLENCIA PSICOLÓGICA

Abuso ambiental



Ameazas



Chantaxe emocional



Control e dominio



VIOLENCIA PSICOLÓXICA

Conductas	Obxectivos	Consecuencias
<ul style="list-style-type: none">• Destruír ou danar as cousas de valor afectivo para a muller.• Conducir de maneira temeraria.• Ameazar con votar da casa.• Ameazar con quitarlle ós fillos• Ameazar con suicidarse se a muller o deixa• Infundir lástima	<ul style="list-style-type: none">• Intimidar e infundir temor• Alteración dos ritmos do sono.• Impedir contar o que pasa e se denuncie.• Utilizar a lástima como técnica para manexar á parella.	<ul style="list-style-type: none">• Paralizar á vítima.• Impoñerse a necesidade de facerse cargo da vida do outro.• Sentirse culpable.• Sufrimento emocional

VIOLENCIA ECONÓMICA

Conductas	Obxectivos	Consecuencias
<ul style="list-style-type: none">• Administrar os recursos económicos sen consultar.• Administrar e dispoñer do diñeiro impedindo acceder ó outro a eses recursos.• Descalificar á muller como administradora.• Dispoñer de diñeiro para osio, caprichos e intereses a costa de manter ó resto da familia sen as necesidades básicas.• Mentir sobre ingresos.• Ocultar recursos.• Endeudarse sen dar coñecemento á parella.	<ul style="list-style-type: none">• Controlar á muller a través de impedirle o acceso ós recursos.	<ul style="list-style-type: none">• Dependencia económica do marido ou compañeiro.• Carencia de recursos para tomar iniciativas eficaces para saír da situación.

VIOLENCIA SEXUAL

Conductas	Obxectivos	Consecuencias
<ul style="list-style-type: none">• Exixir manter relacións aínda que non queira.• Poñerse irritable, agresivo ou violento se ela non accede.• Obligala a manter relacións.• Requerimento sexual en lugares e momentos inapropiados (presencia de fillos, amamantando, tras un ataque de celos, cando está enferma....)• Comparar o ámbito sexual con outras mulleres para humillar.• Mostrarse desconsiderado e violento nas relacións.	<ul style="list-style-type: none">• Humillar e doblegar á muller.• Exercer dominio.	<ul style="list-style-type: none">• Humillación, vergonza e indefensión.



¿Qué factores crees que perpetúan estos tipos de violencia?

FACTORES QUE PERPETÚAN A VIOLENCIA DE XÉNERO

CULTURAIS



ECONÓMICOS



LEGAIS



POLÍTICOS



FACTORES CULTURAIS

- Socialización específica de xénero.
- As definicións culturais dos roles sexuais.
- As expectativas de cumprimento dos roles dentro das relacións.
- Creencia na superioridade inherente dos homes respecto ás mulleres.
- Valores que dan ós homes dereitos de propiedade sobre as mulleres e as nenas.
- A noción da familia como unha esfera privada e baixo o control masculino.
- Determinados costumes matrimoniais (a dote).
- A aceptación da violencia como un medio para resolver conflitos.

FACTORES ECONÓMICOS

- Dependencia económica das mulleres respecto ós homes.
- Acceso limitado das mulleres ó diñeiro e ós créditos.
- Leis discriminatorias sobre herdanzas, dereitos da propiedade, uso de terras comunais e o seu mantemento despois de divorcio e viudedade.
- Acceso limitado ó emprego, tanto en sectores formais como informais.
- Acceso limitado das mulleres á educación e á formación.

FACTORES LEGAIS

- Menor status legal das mulleres tanto nas leis escritas como na práctica.
- Leis sobre o divorcio, custodia das fillas e fillos, pensións i herdanzas.
- Definicións legais da violación e do abuso na familia.
- Baixo nivel de formación legal entre as mulleres.
- Falta de sensibilidade no tratamento das nenas e mulleres por parte da policía ou xudicatura.

FACTORES POLÍTICOS

- Infrarrepresentación das mulleres no poder, na política, nos medios de comunicación, na medicina e no dereito.
- Non tomar en serio a violencia machista.
- A idea de que a familia é algo privado e fora do control do Estado.
- Risco de desafiar o status quo e ás leis relixiosas.
- Falta de organización das mulleres como unha forza política.
- Falta de participación das mulleres no sistema político.



¿Por qué é tan difícil saír destas
situacións?

Expermento da rá

https://www.youtube.com/watch?time_continue=5&v=XyQvyb0KjV4



¿Qué comportamientos identifican se unha persoa está sufrindo malos tratos?

A muller maltratada

Non hai un perfil de muller maltratada, calquera pode ser vítima de maltrato. Non obstante, atopamos características psicosociais semellantes en mulleres maltratadas.

Autoestima pendular. Medo e estrés.

Interiorización do machismo.

Sometemento, subordinación e dependencia.

Protexen ó agresor, mediante conduta permanente de aplazamento, agardando que as cousas melloren.

Clandestinizan os malos tratos, de tal maneira que a familia os descoñeza.

Rehabilita ó agresor, e virtude das súas cualidades; «é un bo pai», «traballador»

O maltratador

- **Soen actuar secretamente**: toman a miúdo precaucións para ocultar ós demais a violencia que exercen.
- **Negan**; utilizando estratexias previas e argumentos para restar credibilidade á vítima.
- **Culpan**; se o anterior non é suficiente dirán que a vítima o provocou ou que se causou o dano a sí mesma.
- **Confabulan**; poden intentar que outras persoas lle dean soporte contra ela.
- **Minimizan**; pode recoñecer o acontecido pero pretenden dicir que xa pasou, que hai que perdoar, esquecer e continuar xuntos.
- **Non aceptan a responsabilidade dos actos**; non se sinten culpables nin asumen a responsabilidade do dano á sociedade. Incluso cargan á vítima coa culpa do acontecido.



¿Cómo é unha relación sá?

- Unha relación é cando dúas persoas se queren, se respectan e se divirten estando xuntas.
- É aceptarse mutuamente e querer á outra persoa coas súas virtudes e os seus defectos.
- É tratarse ben, con tenrura e sen faltarse ó respecto.
- É saber escoitar á outra persoa e poder contarlle os teus problemas, inquietudes e desexos.
- É unha unión de sentimentos, na que unha persoa non se impón sobre a outra.
- É ter confianza mutua e non comprobar se o que é fai ou dia a túa parella é verdade.
- É ter diferentes puntos de vista e poder dialogar sobre eles sen que ninguén imponha a súa opinión
- É non abusar da parella pedíndolle constantemente que faga cousas pola outra persoa.
- É poder expresarnos con total liberdade e sen temor a que a nosa parella se enfade por dicir o que pensamos ou a nos prohiba algo.

